

OBXECTIVOS:

Neste ano 2014 cúmprense 2000 anos da morte do emperador Augusto, efemérides que ten servido como pretexto para que a investigación, especialmente a europea, faga unha revisión en profundidade dos cambios que no Estado romano supón o seu goberno, a través de publicacións científicas, congresos internacionais e seminarios.

Mais pensamos que Lugo non pode permanecer a marxe, xa que Augusto non é só o seu conquistador senón que deu lugar a transformacións de tal calado que teñen servido de base para explicar o que aínda hoxe somos. A fundación de cidades, entre as que destaca Lucus Augusti, única en Galicia, as transformacións socio-económicas, a introducción da escritura, os cambios territoriais e xurídicos, a “invención” da propia Callaecia son só algúns deles. Todo isto cremos que xustifica a necesidade de realizar unha reunión científica centrada exclusivamente na transcendencia da actuación de Augusto no Noroeste, na que por primeira vez se analice a súa obra sobre este territorio de maneira conxunta e se investiguen e difundan cuestións relevantes e inéditas que nos permitan comprender a enorme transformación que viviu o mundo castrexo e o paso a unha nova época.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

DIRECCIÓN:

M^a Dolores Dopico Caínzos (Profa. Titular de H^a Antiga, Facultade de Humanidades, Campus de Lugo).

Manuel Villanueva Acuña (Prof. Titular de H^a Antiga, Facultade de Xeografía e Historia, Santiago de Compostela).

ORGANIZA:

Facultade de Humanidades da USC, Campus de Lugo.

COLABORAN:

Deputación Provincial de Lugo (Área de Cultura), Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo e Vicerreitoría adxunta de investigación e innovación, Campus de Lugo.

DATAS:

21 ó 23 de Xullo de 2014.

LUGAR DE CELEBRACION:

Facultade de Humanidades da USC, Campus de Lugo.

DURACIÓN:

30 horas lectivas.

DESTINATARIOS:

Preferentemente profesores das materias Xeografía e Historia, Arte, Latín, Grego e Cultura Clásica; estudantes, licenciados e graduados en Humanidades, Filoloxía Clásica, Xeografía, Historia e Arte.

Tense solicitado un crédito de libre configuración para os alumnos das licenciaturas da USC.

INSCRICIÓN:

50 € (30 € para alumnos e licenciados/graduados sen emprego). A inscrición realizarase a través da páxina web da Facultade de Humanidades (<http://www.usc.es/humanidades>).

Data límite: 14 de xullo.

COLOQUIO INTERNACIONAL

CLAUSUS EST IANUS

Augusto e a transformación do noroeste hispano



LUGO · 21 - 23 XULLO 2014



Información: <http://www.usc.es/humanidades>



FACULTADE DE HUMANIDADES



DEPUTACIÓN DE LUGO



VICERREITORÍA PRIMERA



VICERREITORÍA DE COORDINACIÓN
E PLANIFICACIÓN DO CAMPUS DE LUGO



VICERREITORÍA ADXUNTA
DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

CLAUSUS EST IANUS

Augusto e a transformación do noroeste hispano

PROGRAMA

DÍA 21:

9.30: Entrega de documentación.

10.00: *A transformación do Noroeste: balance de 35 anos de investigación* (G. Pereira Menaut, Catedrático, USC).

10.45: *O coñecemento xeográfico dos territorios do Noroeste: da cartografía á cultura* (G. Cruz Andreotti, Profesor Titular de Hª Antiga, Univ. Málaga).

11.30: Pausa.

As transformacións económicas:

12.00: *O desenvolvemento do comercio no Noroeste a partir da conquista* (R. M. Lopes de Sousa Morais, Profesor Auxiliar com Agregação da Faculdade de Letras da Universidade do Porto).

12.45: Coloquio.

13.30: Inauguración oficial.

16.30: *As transformacións da agricultura: a introducción do sistema da "villa" na Península* (V. Revilla Calvo, Profesor Titular de Hª Antiga, Universidade de Barcelona).

17.15: *Do final da conquista ó inicio da explotación mineira: Augusto e o control territorial do Noroeste hispano* (A. Orejas Saco del Valle, Científica Titular CSIC, Madrid).

18.00: Pausa.

18.30: Coloquio.

DÍA 22:

Os cambios do territorio:

10.00: *A transformación da paisaxe natural no Noroeste: da protohistoria a romanización* (P. Ramil Rego, Profesor Titular de Botánica, USC).

10.45: *As transformacións do territorio castrexo a partir de Augusto* (L. X. Carballo Arceo, arqueólogo da Xunta de Galicia).

11.30: Pausa.

12.00: *A etapa final da cultura castrexa: o xacemento de San Cibrao de Lás* (Y. Álvarez González, L. F. López González, arqueólogos).

12.45: *Comunidades castrexas e minería aurífera en Asturias: sinerxias e conflito tras a conquista de Augusto* (A. Villa Valdés, arqueólogo Junta Principado de Asturias).

13.30: Coloquio.

Tarde: Visita libre ós monumentos de Lugo / castro de Viladonga.

DÍA 23:

10.00: *As fundacións urbanas* (Mª D. Dopico Caínzos, Profesora Titular de Hª Antiga, USC).

10.45: *Bracara Augusta e os cambios no seu territorio* (H. P. Abreu de Carvalho, Profesora Auxiliar, Univ. do Minho, Braga).

11.30: Pausa.

Os instrumentos do poder:

12.00: *O impacto do exército romano no noroeste peninsular* (J. J. Palao Vicente, Prof. Contratado Doutor, Univ. Salamanca).

12.45: *O control do territorio: o papel dos gobernadores augústeos* (M. Villanueva Acuña, Profesor Titular de Hª Antiga, USC).

13.30: Coloquio.

16.30: *Cursus publicus y viae militares: Augusto e o control político e administrativo da península ibérica* (P. Sillieres, Catedrático Emérito de Hª Antiga Univ. Toulouse).

Propaganda e ideoloxía:

17.15: *O culto imperial: o Imperio, Hispania, o N.O. peninsular* (S. Montero Herrero, Catedrático Hª Antiga UCM).

18.00: Pausa.

18.30: *Epigrafía pública e epigrafía privada* (J. Santos Yanguas (Catedrático Hª Antiga UPV).

19.15: Coloquio.